



IES Antón Losada Diéguez

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Iniciación á actividade emprendedora e empresarial 4º ESO

DEPARTAMENTO

NIVEL

CURSO

Economía

4º

ESO

A Estrada
Curso 2019 - 2020

A Estrada, 27 de setembro de 2019

Abel Alonso Álvarez

Xefe do departamento de Economía

INDICE

1. **Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación 3**
2. **Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado 4**
3. **Información ao alumnado e ás familias..... 5**

1. Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación

En canto a temporalización, na 1ª avaliación impartiranse os estándares de aprendizaxe correspondentes ao bloque 1. Na segunda avaliación e na terceira avaliación estudaranse simultaneamente os bloques 2 e 3, xa que se irá avanzando no proxecto empresarial (bloque 2) de forma parella aos contidos de finanzas (bloque 3).

Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia

Considérase que os estándares todos teñen o mesmo peso ou ponderación, polo que para superar a materia hai que demostrar un grao mínimo do 75% de consecución

A avaliación debe ser continua. Polo tanto a avaliación será inicial, formativa e sumativa.

Realizarase unha proba inicial para detectar o nivel do alumnado en temas económicos e analizar a capacidade para expresarse empregando o vocabulario específico da materia. Consistirá en elaborar un pequeno texto empregando 10 palabras relacionadas coa materia.

Avaliación inicial previa a cada tema, realizarase ao inicio de cada unidade didáctica, a través dun diálogo co alumnado, ou dun cuestionario con preguntas curtas, valorarase o nivel de coñecementos previos do alumnado sobre o tema, para poder basearnos neles, intentando conectar os novos coñecementos cos xa asentados e deste modo lograr unha aprendizaxe significativa.

Avaliación formativa, durante todo o desenvolvemento das unidades, farase unha labor de observación para determinar a evolución dos coñecementos a través das actividades, valorando a cooperación entre eles e o seu interese polo que están a realizar.

Ademais proporciona ao profesor información para corrixir as posibles deficiencias atopadas no proceso de ensino.

Para a correcta e sistemática supervisión da evolución do alumno, o profesor levará unhas fichas do alumnado, onde apuntará todas as anotacións (participación, traballo

diario, asistencia, ...) que estime conveniente para unha equitativa avaliación continua do alumnado.

Avaliación sumativa, ao finalizar cada bloque temático, valorarase a consecución de obxectivos.

Realizarase unha proba escrita que incluíra os aspectos máis importantes do bloque temático e versará sobre contidos, tanto teóricos como prácticos

O alumnado que non poidan asistir á proba escrita a realizarán o día da proba de recuperación

2. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Na cualificación, valorarase do seguinte modo:

Proba escrita: 40%

Entrega de traballos e actividades: 40%

Participación e traballo en clase, interese mostrado, intervencións voluntarias para resolución de cuestións: 20%

Cada avaliación realizarase 1 proba escrita será necesario obter como mínimo un 4.

A nota de cada avaliación será o resultado de aplicar as anteriores ponderacións, considerarase aprobado/a o alumno/a que obteña unha nota igual ou superior a 5, sendo necesario un mínimo de 4 puntos nas probas escritas.

Para aqueles alumnos que non acaden o mínimo na avaliación, farase inmediatamente despois da avaliación outra proba de recuperación cos temas non superados.

A nota final de Xuño será aproximadamente a nota media das tres avaliacións, se ben se terá tamén en conta a evolución, positiva ou negativa, do alumno/a ao longo do curso, tendo presente o principio de avaliación continua

Ao alumnado con deficiencias conceptuais ou procedimentais, entregaráselle actividades e casos prácticos que deberán resolver na casa e entregar ao profesor para a súa corrección.

O alumnado que non superen a materia deberán recuperala en setembro mediante unha proba escrita sobre toda a materia

3. Información ao alumnado e ás familias

Esta programación ademais do plan de atención a pendentes será obxecto de información ás familias e ao alumnado, para que lles conste dita información.

Esta información farase polas seguintes vías:

- Explicación nos primeiros días de clase, na presentación da materia.
- Publicación na aula virtual da materia.

O profesor

Abel Alonso Álvarez